

ACORDO DE GOBERNO PARA MODIFICAR A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E TERREOS DE USO PÚBLICO CANDO DEN ACCESO A ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS OU COMERCIAIS, RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUEIRA CLASE.

Xurxo Charlín Trigo, con DNI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación este ACORDO DE GOBERNO, en base á seguinte

Exposición de motivos:

O Pleno da Corporación, no uso das facultades, acordou aprobar a Ordenanza Fiscal da Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e terreos de uso público cando dean acceso a establecementos industrias ou comerciais, reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase do Concello de Cambados, elevouse a definitivo o acordo, publicándose o seu texto íntegro, para xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 21 de Decembro de 2012.

Esta norma no artigo 5, onde establece a cota tributaria, especifica para os locais onde naqueles casos en que a tarifa se multiplique polo número de prazas e o local non se encontre efectivamente dividido, tomarase como número de prazas o resultado de dividir entre 20 a superficie total en metros cadrados do mesmo, incluíndo ramplas, zonas comúns, etc. No caso de ser descuberto, dividirase entre 30.

Con este calculo non se ten en conta os garaxes que teñan unha gran superficie pero que por culpa da súa distribución, pola contra, non poidan acceder un gran número de vehículos, ou que pola distribución dos piares de cargas o número de prazas sexa moito menor o que se establecería aplicando a norma actual, dividindo o total da superficie do garaxe entre unha cantidade fixa, cando pola contra os informes técnicos deixen claro cal é o número de prazas que poidan ocupar nese garaxe pero que non coincide co dato que sae o aplicar a formula existente na actual norma.

Estas eivas xa foron transmitidas en persoa ao concelleiro responsable da area, por parte de varios veciños que se ven afectados por unha taxa superior o número de vehículos que poden acceder ao garaxe da súa propiedade, se ben existen numerosas ordenanzas doutros concellos que aplican este mesmo sistema que ven utilizando o concello de Cambados, existen outros que deixan en man dos técnicos municipais en función da emisión dun informe o número de

prazas de aparcadoiro que poden ocupar un garaxe cando o mesmo non esta efectivamente dividido.

En conclusión, instamos á Corporación do concello de Cambados a adoptar o seguinte acordo:

1º) MODIFICAR PARCIALMENTE A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E TERREOS DE USO PÚBLICO CANDO DEN ACCESO A ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS OU COMERCIAIS, RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUEIRA CLASE.

Neste caso acordase modificar por unha banda o artigo 5 da ordenanza en referencia a Cota Tributaria, modificando o texto do segundo paragrafo que di literalmente: “- *Naqueles casos en que a tarifa se multiplique polo número de prazas e o local non se encuentre efectivamente dividido, tomarase como número de prazas o resultado de dividir entre 20 a superficie total en metros cadrados do mesmo, incluíndo ramplas, zonas comúns, etc. No caso de ser descuberto, dividirase entre 30.* “, nos termos que se transcriben a continuación:

“Artigo 5.—COTA TRIBUTARIA

(...)“- *Naqueles casos en que a tarifa se multiplique polo número de prazas e o local non se encuentre efectivamente dividido, tomarase como número de prazas o resultado do calculo realizado polos técnicos municipais no que se describan as prazas que poidan ser ocupadas por vehículos que teñan acceso ó estacionamento de forma independente, e que permita a entrada no garaxe independentemente dos vehículos xa estacionados e permita o seu estacionamento libremente.*

O presente acordo entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir da súa publicación, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación,

En Cambados, a 15 de Febreiro de 2017.

Xurxo Charlín Trigo, Concelleiro de Economía, Facenda, Industria, Promoción Económica e Comercio.